



La Voz de Galicia

Inicia sesión

(/)

OPINIÓN (/OPINION/INDEX.HTM)

BEATUS QUI LEGIT

## *Cairón: topónimo antifascista*



XESÚS ALONSO MONTERO  
12/05/2017 05:00

A caba de saír do prelo o número 1 do *Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns*, institución, dirixida polo profesor X. Francisco Pardo Teijeiro, que centrará o seu traballo na comarca da Ulloa, ou sexa, nas terras dos concellos de Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei. O *Boletín* ten un título que desconcertará a moitos: *Cairón*. É un topónimo -un orónimo- que os lectores da poesía de Lorenzo Varela, o ilustre escritor monterrosino, non ignoran, pois figura en dous versos dun dos seus máis famosos poemas, *Ofrenda a los franceses*, do que fixemos unha edición en quince idiomas no ano 1999 (Edición do Castro). Non merecía menos aquel canto a unha data, o 24 de agosto de 1944, día no que as tropas francesas (cunha notable colaboración de españois republicanos) liberaron París da pouta nazi.

O poeta, exiliado por antifranquista en Bos Aires, escribe e publica na capital arxentina *Ofrenda a los franceses*, que é un canto de gratitude ás tropas que liberaron París, liberación -pensa o poeta- que celebraran todos os antifascistas do mundo, algúns, coma el, no desterro. É tal a gratitude de Lorenzo Varela que se sente na obriga de ofrecerlles ás tropas liberadoras un agasallo, un tesouro de conmovedora valía: unha palabra, o nome dun monte que fora, na súa nenez, o seu «lugar preferido», un monte severo e tenro coma un pai.

Voces moi autorizadas poñen en dúbida a existencia deste topónimo, deste orónimo xa inmortal. Por iso, o editor do número 1 do *Boletín*, Daniel Salgado, na páxina de presentación, escribe: «O misterio talvez xa nunca se resolva. Con todo, nada hai máis suxestivo que un lugar que (aínda) non existe: a utopía. E esa utopía, a utopía Cairón, que é a utopía da liberdade, dá nome ao *Boletín de Estudos Ulloáns...*». Se os números vindeiros de *Cairón* continúan na liña e no nivel deste primeiro, Galicia non tardará en contar cun referente, cun faro, para canta actividade intelectual se centre no estudo rigoroso das nosas terras e comarcas.

É de xustiza mencionar os colaboradores: José de Castro, Patricia Concheiro, Gregorio Ferreiro Fente, Emilia García López, José Ángel García López, M.<sup>a</sup> José Gómez Alvite, Pablo Pardo, Sabela Pardo, Xulio Pardo de Neyra, Divina Pérez Viña, Daniel Salgado, Fernando Salgado e Cristina Varela Cadahía. Achegan páxinas novidosas sobre Historia, Economía, Arte, Urbanismo, Etnografía, Educación e Literatura.

VOTACIÓN: ★ ★ ★ ★ ★ 1 votos 5

ETIQUETAS:

([http://self-booking.ligatus.com/?utm\\_source=ligatus-de&utm\\_medium=placement&utm\\_content=logo&utm\\_campaign=branding](http://self-booking.ligatus.com/?utm_source=ligatus-de&utm_medium=placement&utm_content=logo&utm_campaign=branding)) ([http://self-booking.ligatus.com/?utm\\_source=ligatus-de&utm\\_medium=placement&utm\\_content=text&utm\\_campaign=branding](http://self-booking.ligatus.com/?utm_source=ligatus-de&utm_medium=placement&utm_content=text&utm_campaign=branding))

**Y ADEMÁS**

**La cara lavada nos sienta muy bien, ¡realza tu belleza sin maquillarte!**

Sal sin Maquillaje!

**Capacidad de carga larga, hasta 3 europalets y 5 años de garantía. Por 150€/mes**

Nueva Nissan NV300

**Moneda única en Plata de Ley canjeable por 30€. ¡Coleccionala ya!**

Real Casa de la Moneda

**Una historia que no se lee, se escucha. Descubre Bienvenido a la Vida Peligrosa.**

Lo nuevo de Pérez-Reverte

**Acepta el reto de Ideakas Kikkoman y gana un viaje a Japón para 2 personas**

Kikkoman te lleva a Japón

**¡Extra, extra! Con MÁSMÓVIL tienes FIBRA y GIGAS GRATIS! Llama al 900 696 316**

¿Aún sin enterarte?

**RECOMENDAMOS**

**La sentencia dice que imputó u...**

Multa de 630 euros a una madre que calumnió a una maestra por WhatsApp



**Pide a Augas de Galicia que el...**

Ferroatlántica solicita a la Xunta luz verde para poder vender las centrales



**La Comisión Europea eleva sus ...**

Bruselas llena a España de optimismo

Ofrecido por (<http://ms.ligatus.com/es/campaigns/trackings/ligatus/redirection.html>)

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (ESPAÑA) Inscrita en el Registro Mercantil de A Coruña en el Tomo 2438 del Archivo, Sección General, a los folios 91 y siguientes, hoja C-2141. CIF: A-15000649.

[Aviso Legal \(/estaticos/avisolegal.pdf\)](#) [Política de privacidad \(/estaticos/politica\\_de\\_privacidad.pdf\)](#)  
[Política de Cookies](#)  
[Condiciones generales \(/estaticos/condicionesgenerales.pdf\)](#)

Publicidad



Publicidad

**AD**

Si tienes un ordenador tienes que probar este juego

Publicidad

**AD**

Si tienes un ordenador tienes que probar este juego

7